
Auto dos simulados da caravilla

(1978)

PRESENTADOR. En Río de Muiños, en Quintela de Leirado, representan outra que tén o interés de se referir ó Tributo das Cen Doncelas, tradición que ben podemos dar por galega. Chámasé esta representación *Semulados de la Guerra del Clavijo* e o argumento é o seguinte.

O Almirante Balán, xefe dos mouros, manda tres partes seguidos a Carlos Magno, pra reclamar o trabuco. Eran tres doncelas as que tiñan que entregar os cristiáns pra que as levaran pra África, e tocáralle a sorte á filla de Carlos Magno, o cual, naturalmente, négase a entregalas, e racha os papés que Balán lle manda. Un xeneral «africano» desafía a un cristián que veña pelexar coíl, e, vendo a imaxe de Cristo, pregunta se é cousa de feiticería; entón o xeneral cristián rifa coíl fera batalla e logo arrédanse e vai cada un coa súa hoste. Entón Carlos Magno manda un parte ó alcalde do pobo pra que faga medir o campo prá batalla, e o alcalde avisa un agrimensor, e pónense a medir o campo.

Veñen as tres doncelas, entre medio de ramallos verdes, «vestidas con el traje típico de aquella época, traje de gallega», en compañía de gaita, que vén tocando unha alborada; uns soldados mouros quérenas roubar, mais veñen os paisanos, con sachos e aixadas, e nonos deixan. Rematada a medida do campo, forman os cristiáns, o xeneral pásalles revista, o crego bendíceos e vén Carlos Magno pórse ó frente, mais son vencidos, e Carlos Magno recóllese nunha chouza.

Nesto, aparez o Apóstol nun cabalo branco e vai espertar a Carlos Magno. Sai o emperador, e volven á batalla, e cando semella que perden os cristiáns, volve Sant-Iago, e da primeira pasada, desfai a terceira parte dos mouros, da segunda, outra terceira parte; e os quedan, préndenos os cristiáns.

Esta representación, chea de lembranzas misturadas de relatos históricos e dos libros de Cabaleirías, é das más completas

que coñecemos. Faise o día da Santa Cruz de Maio.*

(Vicente Risco, «Etnografía: Cultura Espiritual», en *Historia de Galiza* [dirixida por Ramón Otero Pedraio], Buenos Aires, Editorial Nós, t. I, 1962, pp. 720-721).

* Esta citación de Vicente Risco reproducímola literalmente do orixinal.

Un Grupo de Nenos andan a brincar, formando un gran barullo.

Xogan as apandas ou a outro xogo calquera. Así que brinquen un pouco, un dos nenos di:

NENO. 1. Ouvistes... Os vellos de aquí antes facían teatro o Día da Cruz de Maio.

NENO. 2. Téñollo sentido dicir a meu pai. Á peza chamábanlle *Os simulados da batalla de Clavijo*:

NENO. 3. Meu avó facía de Carlos Mano. Tratábase dunha batalla de mouros e cristiáns.

NENO. 4. Vaia parvada!

NENO. 1. Non era ningunha parvada. Era unha representación moi bonita. Viñan vela os señoritos de Quintela de Leirado e os de Celanova.

NENO. 2. Aquí, en Río de Muíños, toda a xente tomaba parte na representación.

NENO. 3. Despois a xente deste lugar comezou a emigrar para Guinea...

NENO. 4. E foise esquecendo de todas estas cousas.

NENO. 1. Era todo unha carcada españolista. Santiago aparecía de matamouros. A representación facíase en castrapo.

NENO. 2. Nós podíamos facer unha representación ao noso xeito.
Mais en galego.

NENO. 3. Aos cristiáns chamarémoslle os do Bando Verde.

NENO. 4. E aos mouros os do Bando Amarelo.

NENO. 1. E que facemos con Santiago Matamouros?

NENO. 2. Sería cousa de estudalo. Algo habería que facer.

NENOS. De acordo, de acordo! (*Cantando a coro.*)

Meu Santiago pescador,
meu Santiago mariñeiro,
nunca fuches guerreador!
Ti nunca fuches guerreiro!

Meu Santiago pescador,
troiteiro de Galilea,
ti non fuches guerreador,
que eras un home da aldea!

Meu Santiago pescador,
veciño de Compostela,
ti só entendes de redes
e de barquiños de vela!

NENO. 1. Como imos chamar á nosa representación?

NENOS. (*A coro.*) *Auto dos Simulados da Caravilla!*

Escuro.

O decorado pode representar a praza ou torreiro dunha pequena vila.

Nunha especie de tallo aparece Carlos Mano, que é moi pequeniño, coroado de imperante. Leva unha barba loira esaxeradamente longa e rizada. Non lle caerían mal uns anteołlos moi grandes. Está serio como un chanto. Uns cantos individuos do Bando Verde danlle escolta.

Dende o fondo do teatro avanza unha embaixada do Bando Amarelo, tocando unhas trompetas de xoguet.

Ao chegar diante do escenario, un do Bando Verde interrompe os do Bando Amarelo.

O DO BANDO VERDE.

Documentos
pra entrar nestes aposentos!

(Adíántase un dos do Bando Amarelo e dunha arqueta de bixutaría saca un papel que lle mostra ao do Bando Verde.)

O DO BANDO AMARELO.

Este salvoconduto verdadeiro
do almirante Balán, o meu señor,
abre o camiño ou o vieiro
que leva a Carlos Mano emperador.

O DO BANDO VERDE. (*Despois de examinaren o papel.*)

Pasade, pois,
e abreviade a embaixada,
porque despois
o grande imperante Carlos Mano,
ten que papar unha empanada
que xa está gobernada,
e logo fumar un puro habano,
grande e bon
que lle axude a facer a dixestión.

(O do Bando Amarelo pasa, faille unha grande e esaxe-rada reverencia a Carlos Mano e entrégalle un papel, que tira doutra arqueta, tamén de bixutaría.

Carlos Mano le atentamente o papel e ráchao.

O do Bando Amarelo tira doutro papel moito mei-rande e vóltallo a dar a Carlos Mano, que, despois de lelo, volta a rachalo e comeza a xesticular.

O do Bando Amarelo áinda tira dun terceiro papel esa-xeradamente grande e volta a entregarollo a Carlos Mano. Carlos Mano le de novo. Ponse de pé, arrinca a coroa da testa, tira das barbas e comeza a berrar deste xeito:)

CARLOS MANO.

O xefe dos Amarelos,
que é o almirante Balán,
faime tirar dos cabelos
e coida que eu son un can.
Pois este almirante bruto
quer que lle pague o tributo
de tres virxes primorosas
tan bonitas como as rosas.
E o que máis me marabilla
é que unha das tres fermosas
ha de ser a miña filla.
Dicídelle a ese anaco de borrico
que vaia limpando o bico!

(Carlos Mano sae da escena todo cabreado e ségueno parte dos do Bando Verde.

Os do Bando Amarelo tamén saen da escena.

*En escena quedan dous Xenerais, un de cada bando,
acompañados dos seus asistentes. Os Xenerais comezan
a pelexar con espadas de xoguete.)*

XENERAL AMARELO.

Carlos Mano
é un anano!

XENERAL VERDE.

O almirante Balán
é covarde e folgazán
e, ademais, non é cristián.

XENERAL AMARELO.

Carlos Mano
Emperador
é un fulano
do peor!

XENERAL VERDE.

Balán balanzón
e un comellón.
Balanzon Balán
é un comellán.

XENERAL AMARELO.

Anque poñades valados e cancelas
habemos de levar as tres doncelas.

XENERAL VERDE.

Dille a Balán que, con respecto ás doncelas,
que se vai contentar con mirar pra elas.

*(Por unha banda do escenario Carlos Mano chama a un
do Bando Verde e dille a grandes berros:)*

CARLOS MANO. Toma este parte e lévallo ao Alcalde para que
traia un Périto Agrimensor e que midan este campo para unha
batalla, que aquí vainas haber gordas.

(Dálle o parte.)

XENERAL VERDE.

Vou polos meus soldados
pois estan acuartelados.
E o meu exército valente
non che ha de deixar un dente.

XENERAL AMARELO.

Vou pola miña tropa
a ver se calas a boca
e deixas de presumir
que, de verdá, te hei servir.

(*Vanse os dous Xenerais cada un pola súa banda.*

*Chegan o Alcalde e o Périto Agrimensor cunha cinta
métrica e pónense a medir o campo.)*

ALCALDE.

Señor Périto Agrimensor
é orde do emperador
facer ben a medición,
con ciencia e educación,
deste campo de batalla.
A ver, pois, como traballa!

P. AGRIMENSOR.

Señor Alcalde,
eu non traballo de balde.

ALCALDE.

Pois ten que traballar.
O emperador Carlos Mano,
anque home moi humano,
non ten costume en pagar.
Mais se o traballo é bon
daralle unha condecoración.

P. AGRIMENSOR.

Preferiría un lacón
pois pró que traballa
é pouco pago a medalla.
Eu cobro por arancel
en níquel ou en papel.
E, billetiño tras billete,
vou facendo o meu saquete.

ALCALDE.

As arcas municipais,
teñen algunhos caudais.
Deses tais
dareille algúns reais.

P. AGRIMENSOR.

Así é como fala a xente
ben nacida e competente.
Máis importante que todo,
segundo entendo ao meu modo,
é ter a carteira quente.

ALCALDE.

De toda esta papancia,
como hai certa abundancia
partiremos a ganancia.

P. AGRIMENSOR.

Se o bocado é algo bon
terá vostede un quiñón.

(*Aparecen Tres Doncelas vestidas con moitos coloríns, entremedias de ramallos verdes como nas procesións. A Filla de Carlos Mano leva unha coroa de flores na testa. Veñen acompañadas de música de gaita, que toca unha alborada. O ambiente é de romaría. Dan unhas voltas polo escenario.*

Ás estrofas que seguen pódese llamar axeitar calquera música popular que cadre. Pode acompañalas a gaita.)

AS TRES DONCELAS. (*Cantando.*)

Somos as doncelas,
carne de tributo,
segundo o foro
dun vello estatuto.

Somos as doncelas
virxes e coitadas.
Somos as mulleres
febles e aldraxadas!

Somos as doncelas,
puras e inocentes.
Onde van os homes?
Onde están as xentes?

(Dos laterais saen uns do Bando Amarelo e intentan roubar as Doncelas.)

OS DO BANDO AMARELO.

- A elas!
- Xa son nosas!
- Non hai quen as salve!
- Pola da coroa de rosas que é a filla de Carlos Mano! Levarei-lla ao noso almirante Balán!
- Que non fuxan!
- Desta vez non libran!

(As Doncelas berran como as ratas, desmáianse, patalexan, abren os ollos, vóltanos a pechar, vóltanos a abrir de novo.)

AS. DONCELAS.

- Somos perdidiñas!
- Socorro, socorro!
- Auxilio!
- Acudide, veciños!
- Valédenos, xentes de ben!
- Somos inocentes!
- Somos candorosas!
- Somos virxes!
- Ningunha coñeceu varón!
- Estamos na flor da idade!
- Somos doncelas!
- Lévannos sen saber do mundo!
- Ai, mamaíña!
- Somos como pombas!
- Somos como paxariños!

—Somos como a brisa!
—Estamos na primavera da vida!

(*Aparecen Labregos, vestidos con traxes de hoxe, armados de sachos, colmeiros, aixadas, machados, agui-ladas etc.*)

LABREGOS.

—Ladróns!
—Asasinos!
—Criminais!
—Atalos!
—Duro!
—Dálles na testa para que deprendan!
—Para que respecten as nosas mulleres!
—Ánimo!
—Que non fuxan!

(*Os do Bando Amarelo van fuxindo como poden polos laterais. Cando quede moi claro que os Labregos salvaron as doncelas, faise, por breves intres,*)

Escuro.

Ao acenderse as luces, aparecen, como se nada tivese acontecido, o Alcalde e o Périto Agrimensor medindo o campo.

P. AGRIMENSOR.

O diñeiro é o mellor ben
que o home ten.

(Ao Alcalde.) Co que vostede leva arrabuñado
xa ha de estar ben forrado.

ALCALDE.

Un regular nada máis.
Neste choio
un non fai as cousas soio,
e hai que partir cos demais.

P. AGRIMENSOR.

Misión cumprida.
A terra vai ben medida.
A estes campos deslindados
xa poden vir os soldados
e principiarse a matar.

ALCALDE.

Mentres, nós imos cobrar
este labor a destallo
que áinda nos deu ben traballo.

(Saen.

O escenario queda dividido pola metade, cunha raia de xiz, labor que fixeron o Périto Agrimensor e o Alcalde.)
(Carlos Mano chega á fronte do seu exército e poñeranse á dereita do espectador. O exército forma e Carlos Mano pásalle revista.)

CARLOS MANO. (*Pasando revista.*)

Ese peito fóra!
Ergue a testa!
En lineal!
Máis apostura e marcialidade!

(*Así que Carlos Mano rematou de pasar revista, chega o Crego para abenzoar o exército.*)

CREGO.

Exército valente
e competente,
soldados
ben armados
e arriscados
que a benzón
de Deus omnipotente
caia no voso corazon
como choiva en sazón
pra vencer a Balán
que é un fuchicán,
pois ese bruto
quere cobrar o tributo
de tres doncelas inxeis
como tres caraveis,
das que unha é a filla maior
do noso amado emperador.
E pra saír con ben
deste belén
eu invoco tamén
como padroeiro
a Santiago guerreiro.
Amén.

(*Carlos Mano diríxese ao exército.*)

CARLOS MANO.

Meus soldados
ben amados,
imos facer manobras,
pois cómpre estar preparados.
Os *Amarelos*, pra amolalos,
son más retortos que as cobras!

(*O exército sae da escena desfilando.*

Carlos Mano queda detrás. Chega Balán dando grandes berros.)

BALÁN.

Carlos Mano,
Carlos Mano,
se te pillo
eu te cepillo!
Se te apaño
douche un baño,
gran tacaño,
cara de año!
Carlos Mano
que te esgano!
Carlos Mano
non sexas bruto,
que as doncelas
do tributo
quero velas
onda min
e áinda non as vin.
Carlos Mano,
que te esgano!
Carlos Mano,
caravilla,
dáme a filla!

CARLOS MANO.

Non lle consinto a un mangante
me fale con voz alzada,
tronante
e ameazante!
Eu son o teu imperante
e teño a barba rizada!
Por esta barba florida,
que é barba de marabilla,
antes perderei a vida
que entregarche a miña filla!
Os teus ollos non verán
o tributo das doncelas.
Debes renunciar a elas,
ouh almirante Balán!
As mulleres son persoas,
non unha mercadoría.
Polas malas ou polas boas,
heiche ensinar cortesía!
Acátame por señor,
que son un emperador
ao que debes homenaxe,
rendemento e vasalaxe.

ALMIRANTE BALÁN.

Perante as túas barbas me eu río
do teu podre señorío,
emperador da puñeta.
Semellas un neno da teta
e soamente
che falta facer calceta!
Eu teño na miña mente
cobrar o vello tributo
que gañaron os meus vellos.
Polo tanto non discuto
nin admito consellos,
ouh señor emperador,
sobre este punto de honor.

Non, señor!

CARLOS MANO.

Esas túas razóns tan viles
eu pásoas por baixo os riles!

BALÁN.

Estou deica o curupelo
de que me tomes o pelo!
Xa que non atendes razón,
ti vas saber o que é bon!

(O Almirante Balán asubía e logo berra.)

BALÁN.

Miña tropa poderosa,
atrapaime esa raposa!

*(Saen polos laterais dous ou Tres Soldados Amarelos que
comezan a correr detrás de Carlos Mano, que lles fai uns
cortes de mangas mentres foxe.)*

CARLOS MANO.

Soldados do pipí,
collédeme por aquí!

*Ao fuxir Carlos Mano aparecen uns Soldados Verdes que
pelexan cos Amarelos mentres se fai*

Escuro.

Carlos Mano está nunha especie de cova. Alasa. Cun gran pano de cores limpa a suor. Despois duns breves intres serénase.

CARLOS MANO.

Se non poño os pés *en polvorosa*
e non activo,
o mangallán de Balán
e a súa tropa criminosa
póñenme como un cribo.
Se non chego a fuxir,
eses ladróns íanme tundir.
Agora voume botar a durmir
e logo cavilarei no porvir.

(Carlos Mano bótase a durmir e comeza a roncar dun xeito moi escandaloso.)

Chega Santiago Matamouros, se é posíbel nun cabalo de cartón ou de madeira, e esperta a Carlos Mano.)

SANTIAGO MATAMOUROS. Esperta, meu amigo! Non son horas estas de durmir! Hai que velar cos ollos ben abertos! Como dixo o poeta, para durmir hai séculos!

CARLOS MANO.

Quen é este impertinente
que non deja descansar a xente?

SANTIAGO MATAMOUROS. Non temas! Son o teu amigo Santiago Matamouros. E veño axudarche.

CARLOS MANO. *(Refregando os ollos e abrindo a boca.)*

Non me afago
ver a Santiago
pelegrín

feito guerreante,
cabaleiro andante
semellante
a min.
Pouco beneficio
che dará este oficio.
Mais xa que te empeñas,
ben chegado señas!
E postos xa neste punto,
metámoslle man ao asunto.

SANTIAGO MATAMOUROS. Imos logo! Cómpre darrle un escarmiento a ese Balán. Esnaquizalo dunha vez! E rematar con ese infamante tributo das doncelas! Xa me arde o sangue por entrar en batalla!

(Santiago Matamouros tira da vaíña unha espada fanada, torta e enfurruxada, e comeza a xogar con ela torpemente.

Carlos Mano comeza a tirar do cabalo de rodas en que vai o Matamouros para fóra da escena.)

CARLOS MANO.

Santiago, meu padroeiro
que te meteche a guerreiro,
serei o teu escudeiro!

SANTIAGO MATAMOUROS. Xa que insistes tanto, que así sexa!

(Comeza a berrar:)

Ai, que me cortei!
Que me saen as tripas!
Ai, que me cortei!

CARLOS MANO.

A ver, a ver
como isto puido ser.

Escuro.

O Almirante Balán está á fronte do seu Exército e Carlos Mano do seu, ao pé de Santiago Matamouros no seu cabalo de rodas. O resto está de a pé.

SANTIAGO MATAMOUROS.

Exército de Carlos Mano,
meu exército podente,
temos o triunfo cercano
se loitamos como a xente!
Coa miña axuda
do triunfo xa non se duda!
Con esta vitoria
encherémonos de gloria,
e a HISTORIA
ten que contar a eito
a grandeza deste feito!
Como me chamo Santiago,
que sei moi ben o que fago!

(O exército dos Amarelos pega con Santiago Matamouros e arrodéao. Balán mételle a Santiago Matamouros unha malleira de campionato.)

SANTIAGO MATAMOUROS. Ai, que me matan! Valédeme! Ai, que me matan! Carliños Maniño, acúdeme! Que non pudo máis! Xa me sae a ánima! Ai, ai!

(Carlos Mano racha por dúas veces o cerco a que está sometido Santiago Matamouros sen o dar rescatado.)

CARLOS MANO.

Amigo, ten por certo
que agora te liberto.
Déixate de dar ais
e aguanta un pouco máis!

SANTIAGO MATAMOUROS. Ai, que morro! Que rematan comigo!
Que me matan! Non resisto más!

(*Santiago Matamouros cae ao longo e facendo grandes aspaventos. Queda como morto.*)

BALÁN.

Xa caeu este renarte.
A gloria desta vitoria
está xa da miña parte!

(As *Tropas Verdes de Carlos Mano reducen e vencen as Amarelas do Almirante Balán. Parte dos Amarelos comenzan a fuxir.*

Balán queda caído no chan. Nisto Santiago Matamouros abre un ollo, logo o outro e, ao decatarse cabalmente da situación, saca unha corda grosa, que trae enrodelada á cintura, e ata con ela, e ben atado, Balán.)

SANTIAGO MATAMOUROS. Vitoria, vitoria, vitoria! Milagre, milagre, milagre! Grazas á nosa valentía, ao noso esforzo, á nosa fe! Grazas a que Deus armou o noso potente brazo! Vitoria! Milagre! Vencemos a impiedade! Esmagamos o impío!

CARLOS MANO. (*Para si.*)

Eu non saio do meu pasmo!

(A *Santiago Matamouros.*)

Refrea o teu entusiasmo,
ouh Santiago, meu encanto,
que a cousa non é pra tanto!

(*Santiago Matamouros pasea o Almirante Balán, atado, polo escenario.*)

SANTIAGO MATAMOUROS.

Guau, guau, guau,
marrao,
cara de pau,
agora non cortas o bacallau!

(*Do grupo do exército Verde adiántanse tres. Tiran o seu manto. Son as Tres Doncelas vestidas ao xeito de hoxe. Usan pantalóns.*

As Tres Doncelas cantan, cunha música popular, estas estrofas:)

AS TRES DONCELAS. (A coro.)

Somos as doncelas
denantes coitadas.
Somos as doncelas
recén liberadas!

Somos as doncelas,
mulleres conscientes,
que loitamos xunto
cos homes valentes.

Loitemos, loitemos,
loitamos unidos.
Aqueles que loitan
non son oprimidos!

Escuro.

Cae o pano, se é que o houber.